




A técnica de fabricación aditiva consiste en xerar pezas por agregación de material só nas zonas onde sexa necesario, ata completar a peza desexada.

Ultimamente popularizouse o proceso de fabricación aditiva por medio de impresión 3D en plásticos, en empresas e mesmo en usuarios domésticos. Este proceso, do que CIS foi pioneiro en España desde 1997 coa prestación de servizos de impresión en polímeros e metal, xeneralizouse grazas á enorme baixada de custos de máquinas, compoñentes e consumibles, e á libre circulación de información que se produciu coa extensión da internet.

Recentemente houbo avances noutros procesos que son de gran utilidade, aínda sendo talvez máis custosos e complexos, pois permiten producir pezas de alto valor engadido en forma de prototipos e pezas singulares ou únicas. Entre estas tecnoloxías podemos atopar a deposición directa de enerxía (DED).

En canto aos materiais, dispoñemos dunha gran variedade de polímeros, resinas de curación por luz e metais como aluminio, aceiro, titanio, aliaxes especiais como o inconel ou materiais compostos como polímeros con fibra de carbono, partículas metálicas, cerámicas ou madeira.

Nesta xornada veremos as posibilidades de uso das tecnoloxías mencionadas, as utilidades das pezas fabricadas por estes métodos e as problemáticas que se poden dar en cada caso, todo iso mostrando casos de éxito das empresas que nos acompañarán.

Contaremos como relatores coas entidades Filament2Print, Customimplants e Windforce no apartado de impresión 3D, e con AIMEN e a UDC, expertos en procesos DED.

PROGRAMA

9:30 h. Apertura.

M^a José Mariño Fontenla. Directora da Área de Centros da Axencia Galega de Innovación.

9:40 h. Tecnoloxías de fabricación aditiva e aplicacións en industria.

Martín Prieto. Filament2Print.

10:00 h. A fabricación aditiva ao servizo da traumatoloxía personalizada.

David Alonso. Customimplants.

10:20 Fabricación aditiva de gran formato Massivit 3D con tecnoloxía GDP (Gel Dispensing Printing).

Gaspard Bugli. Windforce - Massivit.

10:30 h. Fabricación Aditiva DED. Retos e oportunidades.

Mónica Salgueiro. AIMEN.

10:50 h. Recentes avances en fabricación aditiva: materiais e procesos.

María José Abad e María José Tobar. UDC.

11:10 h. Mesa redonda.

Mais información e contacto

Data: 16 de novembro

Horario: de 9:30 a 11:30 h.

Duración: 2 horas

Modalidade: online

Prazo de inscrición: hasta el 15 de noviembre

Teléfono: 981 337 173

e-mail: infocistd.gain@xunta.gal